

CHRIS MARKER: A MEMORIA DO MUNDO

CICLO DE CINE

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
Do 4 ao 6 de xuño de 2014
Auditorio do CGAC

Dirección: José Antonio Cascudo
Coordinación: Virginia Villar

Se hai un cineasta que encarna a vocación reflexiva da modernidade ese é Chris Marker (Neuilly-sur-Seine, 1921 - París, 2012). A partir do diálogo entre textos de gran poder evocador e as artes visuais, Marker concibe a imaxe en múltiples formatos e rexistros e fragua un itinerario estético que gravita sobre o que André Bazin cualificou de "cinema-ensaio".

Para Marker as imaxes constitúen a única memoria plausible do tempo, e isto incita a un cuestionamento da obxectividade que leva implícita o xénero documental. Marker *manipula* o filme desde a súa diéxese, e quebra os mecanismos de enunciación que privilexian a representación e o realismo para construír un edificio desde unha autoridade narrativa aberta, apelando á propia experiencia do espectador.

Nas últimas décadas, transitou do átomo ao bit, abrazou sen complexos o paradigma dixital e explorou espazos virtuais que levaron a súa obra aos museos; pero a súa poética permaneceu inalterable: sempre alerta, desafiando as verdades absolutas, con esa teima de tecer un relato polisémico da cultura global.

Neste fértil campo semántico; o ollar de Marker é un sendeiro que se bifurca en múltiples direccións; que formula desde o presente unha reescritura do pasado e unha hipótese de futuro. Un labirinto, un enigma sen resolver.

PROGRAMA

MÉRCORES, 4 DE XUÑO. *Marker entre o real e o virtual*

20:30 h Presentación a cargo de **José Antonio Cascudo** e **Julio Vilariño**
Proxección do filme *Level Five*, de Chris Marker (Francia, 1997, 110 min). Unha programadora que traballa nun videoxogo sobre a Batalla de Okinawa recorre a Marker para rememorar este "episodio demente e mortífero da Segunda Guerra Mundial, eludido pola historia e borrado da nosa consciencia colectiva". Marker cría que "memorizar o pasado para non revivilo é a ilusión do século XX". Continúa vixente esta idea no século XXI, ante a irrupción de internet e a constante manipulación á que están sometidas as imaxes?

XOVES, 5 DE XUÑO. *Marker e Lacuesta*

20:30 h Relatorio de **Isaki Lacuesta**

21:00 h Proxección de *Las variaciones Marker*, de Isaki Lacuesta (España, 2007, 35 min). *Las variaciones Marker* é unha homenaxe de Isaki Lacuesta ao autor francés, na que trata de desvelar os seus enigmas a través dunha sucesión de epístolas visuais. O crítico Ángel Quintana define a Lacuesta como "un cineasta do século XXI, que ensaia novas formas de escritura e que expresa o seu punto de vista sobre o mundo e sobre a imaxe nun amplo territorio que vai alén dos confines da arte contemporánea". Unha descrición que lle vén ao pelo ao propio Marker.



Fotograma da película Sans Soleil (1993)

Si hay un cineasta que encarna la vocación reflexiva de la modernidad, ese es Chris Marker (Neuilly-sur-Seine, 1921 - París, 2012). A partir del diálogo entre textos de gran poder evocador y las artes visuales, Marker concibe la imagen en múltiples formatos y registros y forja un itinerario estético que gravita sobre lo que André Bazin calificó de "cine-ensayo".

Para Marker las imágenes constituyen la única memoria plausible del tiempo, y esto incita a un cuestionamiento de la objetividad que lleva implícita el género documental. Marker *manipula* el film desde su diégesis, y quiebra los mecanismos de enunciación que privilegian la representación y el realismo para construir un edificio desde una autoridad narrativa abierta, apelando a la propia experiencia del espectador.

En las últimas décadas, transitó del átomo al bit, abrazó sin complejos el paradigma digital y exploró espacios virtuales que han llevado su obra a los museos; pero su poética permaneció inalterable: siempre alerta, desafiando las verdades absolutas, con esa manía de tejer un relato polisémico de la cultura global.

En este fértil campo semántico; la mirada de Marker es un sendero que se bifurca en múltiples direcciones; que formula desde lo presente una reescritura del pasado y una hipótesis de futuro. Un laberinto, un enigma sin resolver.

PROGRAMA

MIÉRCOLES, 4 DE JUNIO. *Marker entre lo real y lo virtual*

20:30 h Presentación a cargo de **José Antonio Cascudo** y **Julio Vilariño**
Proyección de la película *Level Five*, de Chris Marker (Francia, 1997, 110 min). Una programadora que trabaja en un videojuego sobre la Batalla de Okinawa recurre a Marker para rememorar este "episodio demente y mortal de la Segunda Guerra Mundial, eludido por la historia y borrado de nuestra consciencia colectiva". Marker creía que "memorizar el pasado para no revivilo es la ilusión del siglo XX". ¿Continúa vigente esta idea en el siglo XXI, ante la irrupción de internet y la constante manipulación a la que están sometidas las imágenes?

JUEVES, 5 DE JUNIO. *Marker y Lacuesta*

20:30 h Conferencia de **Isaki Lacuesta**

21:00 h Proyección de *Las variaciones Marker*, de Isaki Lacuesta (España, 2007, 35 min). *Las variaciones Marker* es un homenaje de Isaki Lacuesta al autor francés, en el que trata de desvelar sus enigmas a través de una sucesión de epístolas visuales. El crítico Ángel Quintana define a Lacuesta como "un cineasta del siglo XXI, que ensaya nuevas formas de escritura y que expresa su punto de vista sobre el mundo y sobre la imagen en un amplio territorio que se extiende más allá de los confines del arte contemporáneo". Una descripción que le viene al pelo al propio Marker.

21:40 h Proxección de *La Jetée*, de Chris Marker (Francia, 1962, 26 min). Nun sentido estrito, *La Jetée* é o único filme de ficción de Marker, “unha fotonovela”, como se pode ler nos títulos de crédito. A imaxe fugaz dunha muller que permanece para sempre na retina, a anatomía dunha lembranza, composta unicamente de fotogramas e voz en off.

VENRES, 6 DE XUÑO. Chris Marker: viaxeiro, poeta, cineasta

20:30 h Proxección de *Sans Soleil* de Chris Marker (Francia, 1983, 100 min). “Chris Marker: viaxeiro, poeta, cineasta”, esta era a inscrición que figuraba na súa tarxeta de visita. Marker posuía unha curiosidade natural polo diferente. Esta curiosidade proporcionoulle un vasto coñecemento sobre as xeografías humanas. *Sans Soleil* é unha expresión da suma destas inquietudes e tamén unha das súas obras cimeiras do punto de vista estético.

JOSÉ ANTONIO CASCUDO é licenciado en Historia da Arte e Comunicación Audiovisual. Dirixiu o documental *O instante eterno* (2014) sobre o poeta Díaz Castro. Na actualidade compatibiliza a investigación coa escritura de guións e a crítica cinematográfica. No 2008 coordinou o ciclo *Alexander Sokurov, a voz solitaria do home*, tamén no CGAC. Publicou o libro de poesía *Manual do misántropo* (Espiral Maior, 2007) e participou na obra colectiva *A cidade na poesía galega do século XXI* (Toxosoutos, 2012).

JULIO VILARIÑO é técnico en realización de audiovisuais e espectáculos e licenciado en Historia da Arte pola USC, onde cursou o Máster de Estudos Técnicos e Comparados da Literatura e a Cultura. Actualmente traballa na área de Teoría da Literatura na Facultade de Filoloxía da mesma Universidade, onde está a realizar a súa tese de doutoramento sobre a obra dixital de Chris Marker. É membro do Cineclube de Compostela desde hai máis de dez anos e colabora habitualmente con publicacións como *A Cuarta Pared*, *Novas da Galiza* ou *Praza Pública*.

ISAKI LACUESTA é cineasta. Dirixiu os filmes *Cravan vs Cravan* (2002), *La leyenda del tiempo* (2006), *Los condenados* (2009), *La noche que no acaba* (2010), *El cuaderno de barro* (2011) e *Los pasos dobles* (2011), polos que recibiu, entre outros, o premio Sant Jordi (2002), o Ciutat de Barcelona (2011), a Concha de Ouro no Festival Internacional de Cine de San Sebastián (2011), o Goya ao mellor documental (2010) ou o Premio Nacional de Cinematografía da Generalitat de Catalunya (2012). Compaxina o cinema coa docencia na Universidade Pompeu Fabra e na Universidade Autònoma de Barcelona e colabora en diversos medios escribindo artigos sobre cine, música e literatura.

DESTINATARIOS: O ciclo está dirixido a todas as persoas interesadas no cine e no tema proposto; en particular, a profesionais e estudantes de Belas Artes, Historia da Arte, Historia do Cine, Humanidades, Ciencias da Comunicación, Comunicación Audiovisual, Filosofía e Socioloxía.

MATRÍCULA E PRAZAS: A asistencia ao ciclo será libre e de balde até completar as localidades. Para obter o certificado de aproveitamento será necesario inscribirse e participar, como mínimo, nun 75 % das sesións.

INSCRIPCIÓN: As persoas interesadas poderán inscribirse a través da páxina web do CGAC, enviando un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.es ou chamando ao teléfono 981 546 602. En calquera caso, deberán indicar o seu nome completo, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo de correo electrónico e un teléfono de contacto.

21:40 h Proyección de *La Jetée*, de Chris Marker (Francia, 1962, 26 min). En un sentido estricto, *La Jetée* es el único film de ficción de Marker, “una fotonovela”, como se puede leer en los títulos de crédito. La imagen fugaz de una mujer que permanece para siempre jamás en la retina, la anatomía de un recuerdo, compuesta únicamente de fotogramas y voz en off.

VIERNES, 6 DE JUNIO. Chris Marker: viajero, poeta, cineasta

20:30 h Proyección de *Sans Soleil* de Chris Marker (Francia, 1983, 100 min). “Chris Marker: viajero, poeta, cineasta”, esta era la inscripción que figuraba en su tarjeta de visita. Marker poseía una curiosidad natural por lo diferente. Esta curiosidad le proporcionó un vasto conocimiento sobre las geografías humanas. *Sans Soleil* es una expresión de la suma de estas inquietudes y también una de sus obras cumbre desde el punto de vista estético.

JOSÉ ANTONIO CASCUDO es licenciado en Historia del Arte y Comunicación Audiovisual. Dirigió el documental *El instante eterno* (2014) sobre el poeta Díaz Castro. En la actualidad compatibiliza la investigación con la escritura de guiones y la crítica cinematográfica. En el 2008 coordinó el ciclo *Alexander Sokurov, la voz solitaria del hombre*, también en el CGAC. Publicó el libro de poesía *Manual do misántropo* (Espiral Maior, 2007) y participó en la obra colectiva *A cidade na poesía galega do século XXI* (Toxosoutos, 2012).

JULIO VILARIÑO es técnico en realización de audiovisuales y espectáculos y licenciado en Historia del Arte por la USC, donde cursó el Máster de Estudios Técnicos y Comparados de la Literatura y la Cultura. Actualmente trabaja en el área de Teoría de la Literatura en la Facultad de Filología de la misma Universidad, donde está realizando su tesis doctoral sobre la obra digital de Chris Marker. Es miembro de la asociación Cineclube de Compostela desde hace más de diez años y colabora habitualmente con publicaciones como *A Cuarta Pared*, *Novas da Galiza* o *Praza Pública*.

ISAKI LACUESTA es cineasta. Dirigió las películas *Cravan vs Cravan* (2002), *La leyenda del tiempo* (2006), *Los condenados* (2009), *La noche que no acaba* (2010), *El cuaderno de barro* (2011) y *Los pasos dobles* (2011), por las que recibió, entre otros, el premio Sant Jordi (2002), el Ciutat de Barcelona (2011), la Concha de Oro en el Festival Internacional de Cine de San Sebastián (2011), el Goya al mejor documental (2010) o el Premio Nacional de Cinematografía de la Generalitat de Catalunya (2012). Compagina el cine con la docencia en la Universidad Pompeu Fabra y en la Universidad Autónoma de Barcelona y colabora en diversos medios escribiendo artículos sobre cine, música y literatura.

DESTINATARIOS: El ciclo está dirigido a todas las personas interesadas en el cine y en el tema propuesto; en particular, a profesionales y estudiantes de Bellas Artes, Historia del Arte, Historia del Cine, Humanidades, Ciencias de la Comunicación, Comunicación Audiovisual, Filosofía y Sociología.

MATRÍCULA Y PLAZAS: La asistencia al ciclo será libre y gratuita hasta completar las localidades. Para obtener el certificado de aprovechamiento será necesario inscribirse y participar, como mínimo, en un 75 % de las sesiones.

INSCRIPCIÓN: Las personas interesadas podrán inscribirse a través de la página web del CGAC, enviando un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.es o llamando al teléfono 981 546 602. En cualquier caso, deberán indicar su nombre completo, estudios, el área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto.



SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS
Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602 / cgac.educacion@xunta.es



cineclube de compostela

